



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas al mantenimiento y mejora de los servicios de Correos en el Concello de Corcubión.**

Las oficinas de Correos de Corcubión están situadas junto a la plaza mayor de la localidad, en un edificio construido sobre unos terrenos cedidos gratuitamente por el Concello en 1966 a la entonces Caixa Postal, para la prestación de servicios postales y bancarios en el término municipal en beneficio de toda la ciudadanía.

Correos lleva décadas desarrollando su actividad en la localidad y presta el servicio postal de Corcubión y gran parte de la comarca, que acude a este municipio para realizar trámites y gestiones ante los diferentes organismos que tienen aquí su sede, como los juzgados, la autoridad portuaria, el ISM o la Seguridad Social, entre otros.

Pero en el momento actual, el mantenimiento del servicio está amenazado de diferentes maneras. En primer lugar, por la continua reducción de horarios y servicios prestados en la oficina en los últimos años. Así, en la actualidad, el horario de atención al público es únicamente de mañana de lunes a viernes de 10 a 14 horas, por lo que coincide con la mayoría de las jornadas laborables, imposibilitando la realización de trámites. Por ello, es urgente ampliar el horario para permitir también la atención en horario de tarde y de mañana los sábados, facilitando que pueda compatibilizarse y, si fuera necesario, aumentar la plantilla para cubrir todos los servicios.

La segunda y mayor amenaza es la intención manifestada a los representantes del Concello por la dirección de Correos en la zona de proseguir con el desmantelamiento de las oficinas ubicadas en Corcubión mediante la venta del inmueble construido gracias a la cesión del Concello. Resulta inconcebible que Correos haga uso del patrimonio público para lograr lucrarse con la venta y recortar servicios.

Tal y como se ha expuesto al inicio, el terreno para ubicar la oficina fue cedido de forma



gratuita por el Concello con el único fin de prestar el servicio postal en la localidad. Ahora, sin embargo, Correos pretende cerrar y vender ese edificio al tiempo que solicita, de nuevo, la cesión de un nuevo local para seguir albergando oficinas de Correos, aunque con un nuevo recorte de horario y servicios.

Conviene recordar que, si la actividad para la que fue cedido ya no se realiza, el edificio deberá revertir al Concello que lo cedió en su momento. Un derecho que la administración local está dispuesta a defender y reclamar ante la Sociedad Estatal Correos y las distintas Administraciones.

Resulta imprescindible que Correos rectifique y mantenga, actualice y mejore las instalaciones para poder seguir prestando el servicio público postal en Corcubión con un horario ampliado y adecuado a las necesidades de los vecinos y vecinas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son los planes de Correos en relación con el edificio que actualmente alberga las oficinas ubicadas en el municipio de Corcubión?
2. ¿Es cierto, como han manifestado los gerentes, que la intención es vender el inmueble y cerrar la oficina de Correos de Corcubión?
3. ¿Tiene conocimiento el Gobierno de que este inmueble fue fruto de una cesión gratuita del Concello de Corcubión con el fin de albergar las instalaciones de la antigua Caixa Postal?
4. ¿Consideran lícito que, tras años de uso gratuito de un local construido en un terreno cedido por el Concello, ahora éste sea clausurado y vendido únicamente para obtener un mayor beneficio a costa de privar a la ciudadanía de un servicio público esencial como es el postal?
5. ¿Consideran la posibilidad de que el Concello manifieste su voluntad de recuperar este edificio mediante reversión?
6. ¿Rectificarán y adoptarán las medidas necesarias para mejorar la prestación del servicio público postal universal en Corcubión modernizando las oficinas?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



7. ¿Se ampliará el horario actual para dar servicio también por las tardes y los sábados por la mañana, facilitando a las personas usuarias la compatibilización de sus horarios laborales?

Madrid, a 23 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

23 MAY. 2025 15:46:10

Entrada **69594**

Sobre o mantemento e mellora dos servizos de Correos no Concello de Corcubión

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao mantemento e mellora dos servizos de Correos no Concello de Corcubión.**

As oficinas de Correos de Corcubión sitúanse a carón da praza principal da vila, nun edificio construído nun terreo cedido gratuitamente polo Concello no ano 1966 á, daquela Caixa Postal, para que puidera prestar os seus servizos postais e de banca na localidade en beneficio de toda a veciñanza.

Correos ven desenvolvendo a súa actividade desde fai décadas na localidade e atendendo o servizo postal de Corcubión e grande parte da comarca, que acoden á vila para a realización de trámites e xestións diante dos distintos organismos que teñen aquí a súa sede, como os xulgados, a capitanía do porto, o ISM ou a Seguridade Social entre outros.

Mais agora o mantemento do servizo vese ameazado por distintas vías. En primeiro lugar pola continuada redución de horarios e servizos prestados na oficina nos últimos anos. Así, agora mesmo, o horario de atención ao público é só de mañá de luns a venres de 10 a 14h, de forma que coincide coa maioría das xornadas laborais, imposibilitando a realización de xestións. Resulta, por tanto urxente que se amplíe o horario para permitir tamén a atención polas tardes e os sábados pola mañá, facilitando a compatibilización e, que, de ser preciso, que se incremente o persoal para dar cobertura ao conxunto dos servizos.

A segunda e maior ameaza é a intención manifestada a representantes do Concello por parte do persoal directivo de Correos na zona de avanzar no





desmantelamento das oficinas sitas en Corcubión procedendo á venda do inmóbel construído grazas á cesión do Concello. Resulta inconcibíbel que Correos utilice o patrimonio público en aras de lograr lucro da súa venda e o recorte de servizos.

Como xa se mencionou ao comezo, o terreo para situar a oficina foi cedido de forma gratuíta polo Concello coa única finalidade de que se puideran prestar servizos postais na vila. Agora, porén Correos pretende fechar e vender ese edificio ao tempo que solicita, máis unha vez, a cesión dun novo local para seguir a albergar as dependencias de Correos, aínda que, cun novo recorte de horarios e de servizos.

Cabe lembrar que, de deixar de prestarse a actividade para o cal foi cedido, o edificio debe reverter novamente ao Concello que foi quen o cedeu no seu momento. Un dereito que desde a administración local están dispostos a defender e reclamar diante da Sociedade Estatal de Correos e das distintas Administracións.

Resulta imprescindible, por tanto, que Correos rectifique e que, manteña, actualice e mellore as instalacións para poder seguir a atender o servizo público postal en Corcubión cun horario ampliado e acaído ás necesidades da veciñanza.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Cales son os plans de Correos en relación coa edificio que alberga neste momento as oficinas sitas no Concello de Corcubión?
2. É certo, tal e como manifestaron os xerentes, que se pretende proceder á venda do inmóbel e ao fechamento das oficinas de Correos de Corcubión?



3. É coñecedor o Goberno de que este inmóbel foi resultado dunha cesión gratuíta por parte do Concello de Corcubión coa finalidade de albergar as dependencias da daquela Caixa Postal?
4. Considera lícito que, despois de anos de uso gratuíto dun local construído nun terreo cedido polo Concello agora se proceda ao seu fechamento e venda só para obter un maior lucro a costa de privar á veciñanza dun servizo público esencial como é o postal?
5. Ten en consideración a posibilidade de que o Concello poida manifestar a vontade de recuperar pola vía da reversión deste edificio?
6. Rectificará e adoptará as medidas precisas para a mellora da prestación do servizo público postal universal en Corcubión modernizando as oficinas?
7. Ampliará o actual horario de atención para prestar tamén servizo polas tardes e sábados pola mañá facilitando a compatibilización das persoas usuarias cos seus horarios laborais?

Madrid, a 23 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso